

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

*RESOLUCIÓN do 30 de setembro de 2025 pola que se modifica parcialmente a Resolución do 16 de decembro de 2024 pola que se adxudican as axudas da Orde do 18 de setembro de 2024 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a formación de doutores e doutoras das universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) en empresas e centros de innovación e tecnoloxía, programa Doutoramentos industriais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2024 (código de procedemento IN606D).*

A Axencia Galega de Innovación convocou as axudas para a formación de doutores e doutoras das universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) en empresas e centros de innovación e tecnoloxía, programa Doutoramentos industriais, mediante a Orde do 18 de setembro de 2024 (DOG núm. 189, do 1 de outubro).

O artigo 7 das bases da convocatoria establece os conceptos subvencionables e, no punto 1.d) do dito artigo, dispón que se poden financiar estadías de tres meses de duración no estranxeiro.

O artigo 15 das bases da convocatoria establece que a Comisión de Selección distribuirá as axudas de maneira que garanta un mínimo de 12 beneficiarios na categoría de empresas e 3 beneficiarios na categoría de centros de innovación e tecnoloxía, salvo que non haxa solicitudes suficientes en cada categoría.

Nos artigos 16 e 17 regúlase a resolución e notificación destas axudas unha vez que a Comisión de Selección establecida no artigo 15 seleccione as solicitudes admitidas e emita un informe no cal se concrete o resultado da avaliación efectuada e a contía da axuda proposta, conforme os criterios establecidos no artigo 14.

A Resolución do 16 de decembro de 2024 adxudicou as anteriores axudas (DOG núm. 247, do 24 de decembro).

A Resolución do 1 de abril de 2025 modifica parcialmente a Resolución do 16 de decembro de 2024 pola que se acepta unha renuncia e se adxudica unha nova axuda á entidade candidata situada no primeiro lugar da lista de espera desta convocatoria.



A entidade Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia, NIF G15305923 e número de expediente 02\_IN606D\_2024\_3100897, solicitou a axuda do programa Doutoramento industrial con estadía sinalando a zona 3, e resultou beneficiaria na Resolución de concesión do 16 de decembro de 2024 nos seguintes termos:

| Nº expediente          | NIF entidade | Entidade                                   | NIF persoa doutoranda | Persoa investigadora doutoranda | Código proxecto | Aplicación orzamentaria | Importe (en euros) |           |           |           |          |           | Réxime de minimis (Reg. UE 2023/2831) |
|------------------------|--------------|--------------------------------------------|-----------------------|---------------------------------|-----------------|-------------------------|--------------------|-----------|-----------|-----------|----------|-----------|---------------------------------------|
|                        |              |                                            |                       |                                 |                 |                         | 2024               | 2025      | 2026      | 2027      | 2028     | Total     |                                       |
| 02_IN606D_2024_3100897 | G15305923    | Fundación Instituto Tecnológico de Galicia | ***9242**             | Anabel Díaz Labrador            | 2016.4          | 09.A2.561A.480.0        | 1.000,00           | 21.000,00 | 25.000,00 | 24.000,00 | 4.000,00 | 75.000,00 | Non                                   |
|                        |              |                                            |                       |                                 |                 | 09.A2.561A.781.0        | 0,00               | 5.000,00  | 5.000,00  | 5.000,00  | 0,00     | 15.000,00 |                                       |
| Total                  |              |                                            |                       |                                 |                 |                         | 1.000,00           | 26.000,00 | 30.000,00 | 29.000,00 | 4.000,00 | 90.000,00 |                                       |

Advertido un erro na resolución de concesión á entidade antes mencionada por omisión da cantidade que corresponde á axuda de estadía que solicitou en tempo e forma, cómpre facer a rectificación oportuna e resolver a axuda nos termos axeitados.

Reunida de novo a Comisión de Selección o 6 de xuño de 2025 informa de que, revisada a solicitude da entidade, esta sinalou a zona de estadía 3 na solicitude, polo que cómpre facer rectificación.

De acordo co antedito,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder a axuda á entidade Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia, NIF G15305923 e número de expediente 02\_IN606D\_2024\_3100897, tal e como se indica na seguinte táboa tras a rectificación:

| Nº expediente          | NIF entidade | Entidade                                   | NIF persoa doutoranda | Persoa investigadora doutoranda | Código proxecto | Aplicación orzamentaria | Importe (en euros) |           |           |           |          |           | Réxime de mínimos (Reg. UE 2023/2831) |
|------------------------|--------------|--------------------------------------------|-----------------------|---------------------------------|-----------------|-------------------------|--------------------|-----------|-----------|-----------|----------|-----------|---------------------------------------|
|                        |              |                                            |                       |                                 |                 |                         | 2024               | 2025      | 2026      | 2027      | 2028     | Total     |                                       |
| 02_IN606D_2024_3100897 | G15305923    | Fundación Instituto Tecnológico de Galicia | ***9242**             | Anabel Díaz Labrador            | 2016.4          | 07.A2.561A.480.0        | 1.000,00           | 21.000,00 | 31.000,00 | 24.000,00 | 4.000,00 | 81.000,00 | Non                                   |
|                        |              |                                            |                       |                                 |                 | 07.A2.561A.781.0        | 0,00               | 5.000,00  | 5.000,00  | 5.000,00  | 0,00     | 15.000,00 |                                       |
| Total                  |              |                                            |                       |                                 |                 |                         | 1.000,00           | 26.000,00 | 36.000,00 | 29.000,00 | 4.000,00 | 96.000,00 |                                       |

Segundo. Os créditos das partidas orzamentarias 07.A2.561A.470.0, 07.A2.561A.770.0, 07.A2.561A.480.0, 07.A2.561A.781.0, tras a modificación, quedan tal como se indica na táboa seguinte:

| Entidade beneficiaria | Nº de axudas | Aplicación orzamentaria e código de proxecto | Crédito (en euros) |              |             |              |             |              |
|-----------------------|--------------|----------------------------------------------|--------------------|--------------|-------------|--------------|-------------|--------------|
|                       |              |                                              | 2024               | 2025         | 2026        | 2027         | 2028        | Total        |
| Empresas              | 11           | 07.A2.561A.470.0 (2016 00004)                | 10.000,00 €        | 232.000,00 € | 319.000,00€ | 264.000,00 € | 44.000,00 € | 869.000,00 € |
|                       | 11           | 07.A2.561A.770.0 (2016 00004)                | 0,00 €             | 55.000,00 €  | 55.000,00 € | 55.000,00 €  | 0,00 €      | 165.000,00 € |



| Entidade beneficiaria              | Nº de axudas | Aplicación orzamentaria e código de proxecto | Crédito (en euros) |              |              |              |             |                |
|------------------------------------|--------------|----------------------------------------------|--------------------|--------------|--------------|--------------|-------------|----------------|
|                                    |              |                                              | 2024               | 2025         | 2026         | 2027         | 2028        | Total          |
|                                    | 1            | 07.A2.561A.480.0<br>(2016 00004)             | 1.000,00 €         | 21.000,00 €  | 29.000,00 €  | 24.000,00€   | 4.000,00€   | 79.000,00 €    |
|                                    | 1            | 07.A2.561A.781.0<br>(2016 00004)             | 0,00 €             | 3.879,00 €   | 3.879,00 €   | 3.879,00 €   | 0,00 €      | 11.637,00 €    |
| Centros de innovación e tecnoloxía | 3            | 07.A2.561A.480.0<br>(2016 00004)             | 3.000,00 €         | 63.000,00 €  | 89.000,00 €  | 72.000,00 €  | 12.000,00 € | 239.000,00 €   |
|                                    |              | 07.A2.561A.781.0<br>(2016 00004)             | 0,00 €             | 15.000,00 €  | 15.000,00 €  | 15.000,00 €  | 0,00 €      | 45.000,00 €    |
| Total convocatoria                 |              |                                              | 14.000,00 €        | 389.879,00 € | 510.879,00 € | 433.879,00 € | 60.000,00 € | 1.408.637,00 € |

Terceiro. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Innovación ou ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2025

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades  
e Formación Profesional  
P.D. (Orde do 5.6.2024)  
Manuel Vila López  
Secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia,  
Universidades e Formación Profesional

